

## **O Atlantic Pride reuniu máis de 25.000 persoas na súa 5ª edición**

**O 'Orgullo do Norte' celebrado na Coruña do 7 ao 14 de xullo pechou con éxito oito xornadas de concertos, da man de figuras como Vengaboy, Chanel, Nebulossa, Nena Daconte, Raúl, Rosa López, Las Ketchup, Shego, Luna Ki, Morreo, Supreme de Luxe, Lucía Pérez, Mondra, Sila Lúa, Lontreira, Amoeba e ata máis dunha trintena de bandas e artistas de referencia, pese a choiva que se viviu na cidade a pasada semana**

**A cita consolídase como un referente dos 'Orgullos' que se celebran nesta época do ano ao longo da Península, como un espazo de celebración aberto, seguro e diverso, que gaña novos adeptos ano tras ano, e no que se reúnen coloridas propostas para todos os públicos**

**No seu programa teñen tamén cabida divertidas actuacións de drags, pinchadas de djs de referencia da escena galega, sesións 'After Party' e a celebración dun Certame Literario de Literatura LGTBI+, que neste 2024 rexistrou o seu récord de participación**

**O Atlantic Pride é un festival pioneiro, gratuito e inclusivo nacido na Coruña no ano 2019, destinado a reivindicar a liberdade afectiva, sexual e de identidade dende unha perspectiva lúdica e inclusiva, impulsado pola Asociación Orgullo Coruña - ORCO- e o Concello da Coruña, que conta co apoio da Deputación da Coruña e o patrocinio principal de Estrella Galicia, Coruña The Style Outlets e Globalgrafic**



Nebulossa encheu os Xardíns de Méndez Núñez o sábado 13 de xullo no Atlantic Pride © Raúl Lorenzo

**A Coruña, 17 de xullo de 2024.-** O Atlantic Pride reuniu máis de 25.000 persoas na súa 5ª edición. Deste xeito, o 'Orgullo do Norte' celebrado na Coruña do 7 ao 14 de xullo pechou con éxito oito xornadas de concertos, da man de figuras como Vengaboys, Chanel, Nebulossa, Nena Daconte, Raúl, Rosa López, Las Ketchup, Shego, Luna Ki, Morreo, Supremme de Luxe, Lucía Pérez, Mondra, Sila Lúa, Lontreira, Amoebo e ata máis dunha trintena de bandas e artistas de referencia, pese que a choiva vivida na cidade a pasada semana nalgunha das veladas.

A cita consolídase como un referente dos 'Orgullos' que se celebran nesta época do ano ao longo da Península, como un espazo de celebración aberto, seguro e diverso, que gaña novos adeptos ano tras ano, e no que se reúnen coloridas propostas para todos os públicos. No seu programa teñen tamén cabida divertidas e explosivas actuacións de drags, pinchadas de djs de referencia da escena galega, sesións 'After Party' e a celebración dun Certame Literario de Literatura LGTBI+, que neste 2024 rexistrou o seu récord de participación.

Iván Cervo, un dos directores do Atlantic Pride, quixo transmitir o seu agradecemento a todas as persoas que un ano máis fixeron posible o festival: artistas, público, equipos, patrocinadores e apoios. "Desde a Asociación Orgullo Coruña e o Atlantic Pride queremos agradecer a todas as persoas e colectivos que gozaron deste evento aberto e diverso, que neste 2024 consolidouse como unha das citas de referencia da música no noroeste peninsular". E continuou: "Grazas, tamén, aos artistas programados, pola súa xenerosidade e polo bo ambiente que crearon ao longo dos oitos días nos que se celebrou o Atlantic Pride".

Sobre a asistencia, Cervo destacou que, "a pesar deste atípico verán coruñés, as cifras de público do festival foron case récord nos tres escenarios nos que o evento tivo lugar: a Fundación Luís Seoane, a Praza de Pontevedra e os Xardíns de Méndez Núñez". "Isto é unha mostra máis do interese que o evento xera na cidade da Coruña", remarcou, concluindo que, moi pronto, "agardamos anunciar novidades para a edición 2025 do Atlantic Pride e, mentres tanto, seguiremos celebrando a diversidade, a inclusión e a integración durante todo o ano".

## **SOBRE O ATLANTIC PRIDE, O 'ORGULLO DO NORTE'**

Entre o 7 e o 14 de xullo, A Coruña volveu ser a sede do 'Orgullo do Norte' para celebrar a quinta edición do Atlantic Pride. Neste 2024, o festival propuxo oito xornadas de música e celebración ao redor da diversidade sexo-afectiva e de identidade nunha das citas imprescindibles do verán no noroeste peninsular.

O Atlantic Pride é un festival pioneiro, gratuíto e inclusivo nacido na Coruña no ano 2019, destinado a reivindicar a liberdade afectiva, sexual e de identidade dende unha perspectiva lúdica e inclusiva, impulsado pola Asociación Orgullo Coruña -ORCO- e o Concello da Coruña, que conta co apoio da Deputación da Coruña e o patrocinio principal de Estrella Galicia, Coruña The Style Outlets e Globalgrafic.

Na súa quinta edición, contou coa presenza das estrelas eurovisivas Nebulossa, Rosa López, Las Ketchup e Lucía Pérez, xunto a figuras que pisan forte na nova escena galega, como Mondra, Sila Lúa, O Rabelo e Nenaza, Catuxa Salom, Lontreira e Amoebó. Na festa deste 'Orgullo do Norte' non faltaron, tampouco, as voces de grandes divas como Chanel, Luna Ki e Supremme de Luxe, ademais das drags Nomi Bull, Cloe Savage e Meiga-l.

No cartel deste Atlantic Pride 2024 destacaron, tamén, nomes como os de Nena Daconte, Shego, Morreo, Raúl, Selena Leo, Eris MacKenzie e Filloas. O grupo Vengaboy foi o encargado de poñer o acento internacional ao festival, mentres que as pinchadas correron a cargo dos dj's EME DJ, S.Alma, La Suprema, D-Lemma, DJ90, DJ Licho, Roi Porto, La Eterna e DJ Flashback. O festival contou, tamén, coa actuación especial do Coro "Cores".

O Atlantic Pride nace na Coruña no ano 2019 coa vontade de situar á cidade herculina como a capital do bo ambiente e a celebración sen distincións nin barreiras. Trátase dun festival pioneiro, gratuito e inclusivo, destinado a reivindicar a liberdade afectiva, sexual e de identidade dende unha perspectiva lúdica e inclusiva. O proxecto, que trata de aglutinar a todas as capas da sociedade coruñesa dentro dunha contorna segura e amigable, desenvólvese en torno a varios días de concertos e actividades culturais, entre elas, o seu Certame de Literatura LGBTI+, coa fin de atraer ao público local e de fóra, como un referente cultural, turístico e social do noroeste.

## **CONTACTO DE PRENSA**

The Office Comunicación

Luisa Castiñeira

Tel. 620 113 155

[luisa@theofficeco.es](mailto:luisa@theofficeco.es)

## **DESCARGA PRESS KIT ATLANTIC PRIDE 2024**

*Cartel, notas de prensa, fotos, audios, vídeos e outros materiais informativos*

<https://www.dropbox.com/scl/fo/r3xyojfbc4wgqe1xxk51q/h?rlkey=ejwtag0cvi5zige0s09vwtifj&dl=0>

## **MÁIS INFORMACIÓN:**

<https://atlanticpride.es/>